

# ASALTO Á COMISARÍA DO DISTRITO 13

# 1189

John Carpenter, 1976

---

ESTREA EN NUMAX: 31.10.2023 | V.O.S.E. | 90 min

Un policía de Los Angeles recibe o seu primeiro destino nunha comisaría que está a ser trasladada a un novo edificio. Nada parece que enturbiar a paz do lugar, até a chegada dun furgón que custodia a un famoso criminal que debe pasar a noite na comisaría. O director de Halloween asina un filme de culto da serie B inspirado por Rio Bravo, de Howard Hawks, e A noite dos mortos viventes, de George A. Romero.

«Estupenda simbiose de terror,  
intriga e western»

Fernando Morales, EL PAÍS

---



# ASALTO Á COMISARÍA DO DISTRITO 13

John Carpenter, 1976

EUROPA  
CINEMA  
Creative Europe MEDIA

## Entrevista con John Carpenter: «Quixen facer un western moderno»

Por Tom Milne e Richard Combs

**Tes dito que tanto en *Estrela escura* (1974) como en *Asalto á comisaría do Distrito 13* (1976) hai certo sentido do humor?** Exacto, en ambos filmes descubrín que construíra unha situación que, canto máis sombría se volvía, máis divertida resultaba. No *Asalto* comecei cunha idea moi seria sobre unhas persoas que estaban a ser atacadas pero axiña me pareceu que había unha veta humorística e desenvolvín este aspecto. A primeira parte do filme, a presentación dos personaxes e os conflitos antes de que todos cheguen á comisaría, é bastante directa. Aprendín que se un quere levar o público até certas situacións é mellor facerlles saber o que lles vai pasar. O humor arranca cando a moza di: "Por que alguén había querer disparar a unha comisaría?". Aí comeza o absurdo, apáganse as luces, empeza o asedio e podo poñer algo de humor porque o público xa está enganado.

**O humor tamén chega coa introdución do personaxe de Napoleón Wilson.** Aí sigo as leis do vello Oeste. Está completamente fóra de lugar como prisioneiro, en certo xeito, está afastado dos demais nun sentido heroico e tento definir o personaxe en termos de estrañeza psicolóxica máis que a través dos seus diálogos.

Sempre está a pedir un cigarro, por exemplo, e hai dúas persoas que lles responden con certa amabilidade. Un é o tenente de policía negro que di: "Non... síntoo". E Wilson agradece a súa humanidade. A outra é a moza, ela dálle un cigarro. A partir de aí el comeza a respectalas (...) Podería ter desenvolvido máis os personaxes e as súas relacións pero pensei que iso sería copiar a Howard Hawks.

**Os diálogos de Wilson son moi de Hawks. Non se cita algo de *Río bravo* (1959)?**

Non que eu saiba. Se cadra inconscientemente. O máis parecido que hai a unha cita consciente é cando lanzan a escopeta, que é sacado de *Río Vermello* (Howard Hawks, 1948). Cando a policía se decata do que está a pasar porque unha pingueira de sangue comeza a caer sobre o coche... si, supoño que remite á escena da cervexa de *Río Bravo*.

Pero guindar a escopeta é o máis preto que estiven de tomar algo prestado e empregalo directamente, porque é algo que non me gusta facer. Vexo cineastas como Brian de Palma copiar un filme como *Vertigo* (Alfred Hitchcock, 1958) e póñome malo. Bogdanovich tamén copia. Quere facer filmes como os de antes como para dicir: "Mira, teño bo gusto, amo a Hawks, Ford, Hitchcock, non é xenial?".

No caso de *Asalto*... un produtor achegouseme cunha certa cantidade de diñeiro e díxome: "fagamos un filme que se poida vender". Eu tiña ganas de facer un *western*, porque me encantan, daquela pensei: "Vou facer un *western* moderno e vou facer unha transposición da toma dun forte por parte dos indios. Vou empregar bandas xuvenís e empregar heroes arquetípicos. E vou estilizar todo moito porque adoro a Howard Hawks."

E dalgún xeito saíu iso. Pero o punto de partida tense que soste por si só, non partir das referencias a Hawks. Iso non pode ser o cerne do filme, entre outras cousas porque a maioría dos meus espectadores non teñen nin idea de quen é Howard Hawks.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Christine*,  
John Carpenter.  
Paramount [DVD]

*Río Bravo*,  
Howard Hawks  
Warner Bros [DVD]

*John Carpenter: el  
maestro del terror*,  
Juan Manuel Corral.  
Dolmen Editorial, 2019